[JCCP/MSGN]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, o día 21 de maio de 2024, ás 10:35 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Patricia García González
(Presidenta)
Óscar Insua Lema
(en substitución de Carmela González Iglesias)
(Secretario en funcións)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Deza Martínez
Miguel Fidalgo Iglesias
Julio García Comesaña
(en substitución de Raúl Santamaría González)
María Dolores Hermelo Piñeiro
José Alberto Pazos Couñago
Carmen María Pomar Tojo
(en substitución de Paula Mouzo Mas)
Roberto Rodríguez Martínez
Gonzalo Trenor López

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Daniel Castro García
Rosana Pérez Fernández
José Daniel Pérez López
Paulo Ríos Santomé

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Julio Ernesto Abalde Alonso
María Elena Espinosa Mangana
(en substitución de Carlos López Font)

Outros intervenientes:
Iria Taibo Corsanego
Comparecentes:
Presidente de Portos de Galicia
Director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica
Directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

PARLAMENTO DE GALICIA

A Sra. presidenta abre a sesión e rógalle ao Sr. Secretario -Óscar Insua Lema- que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto 1. Preguntas

1.1 420 (12/POC-000002)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 8 máis
Sobre o punto en que está o proceso de contratación do servizo de mantemento das instalacións eléctricas dos portos de titularidade autonómica, o importe desta actuación e as instalacións beneficiarias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11f1, do 15.04.2024

A esta iniciativa o G.P. Popular de Galicia presentou un escrito (doc. núm. 4238, que se xunta á acta como anexo), polo que autoriza ao deputado Miguel Fidalgo Iglesias para defensa desta pregunta de conformidade co artigo 75.4 do RPG.

Intervén o **señor Fidalgo Iglesias (P)**, para expoñer os motivos nos que se basea a formulación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Para contestar a esta pregunta intervén, en nome da Xunta de Galicia, o **señor presidente do Ente Público Portos de Galicia (Consellería do Mar), José Antonio Álvarez Vidal.**

En rolda de réplica, o **señor Fidalgo Iglesias (P),** agradece a rigorosidade da resposta e destaca a planificación do traballo do Ente Público.

O **señor presidente do Ente Público Portos de Galicia,** logo de agradecer as verbas do señor deputado, pecha o debate da iniciativa ampliando os datos amosados na súa anterior intervención.

A Presidencia agradece a presenza do señor Álvarez Vidal nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas, dado que non ten mais preguntas ás que teña que dar resposta.

1.2 871 (12/POC-000109)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 8 máis

PARLAMENTO DE GALICIA

Sobre as alegacións trasladadas polo Goberno galego á Secretaría Xeral de Pesca en relación cos recortes nas cotas de pesca do abadexo e da raia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11f2, do 15.04.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Hermelo Piñeiro (P)**, quen pasa a expoñer os motivos nos que se basea esta iniciativa, ampliando os que se conteñen na súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle o **señor director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica (Consellería do Mar), Antonio Basanta Fernández**.

-Auséntase da sala o señor Ríos Santomé e incorpórase á mesma a señora Taibo Corsanego-.

En rolda de réplica a **señora Hermelo Piñeiro (P),** agradece a información recibida, que comenta, e sobre a que expón novas consideracións.

Péchase o debate desta pregunta cunha nova intervención do **señor director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica,** ampliando a información facilitada na súa intervención anterior.

A Presidencia agradece a presenza e colaboración do señor director xeral cos traballos da Comisión e autorízao a abandonar a sesión, xa que non ten mais preguntas ás que teña que dar resposta.

1.3 2563 (12/POC-000416)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e Pérez Fernández, Rosana
Sobre a situación do sector marisqueiro na ría de Camariñas, a xestión das axudas extraordinarias derivadas da Resolución do 30 de xaneiro de 2024 e a posibilidade de novas liñas de axudas e doutros apoios para a rexeneración dos bancos marisqueiros
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 21f2, do 03.05.2024

O **señor Insua Lema (BNG),** expón os motivos nos que se basean as cuestións concretas que se formulan na iniciativa e que están publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle a **señora directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (Consellería do Mar), Marta Villaverde Acuña.**

PARLAMENTO DE GALICIA

-Incorpórase á sala a señora Pomar Tojo-.

En rolda de réplica, o **señor Insua Lema (BNG),** manifesta o seu desacordo coas valoracións e datos aportados pola señora directora xeral, sobre os que expón novas consideracións.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención da **señora directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro,** quen, logo de rebater algunhas das afirmacións realizadas polo señor deputado, puntualizan e amplía a información facilitada na súa anterior intervención.

A señora presidenta agradece a presenza e colaboración nesta sesión da señora Villaverde Acuña e desculpa a súa ausencia nela, se o estima conveniente, dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

A seguir a Presidencia comunica que as proposicións non de lei que figuran no punto 2º da orde do día (número 2081, do G.P. dos Socialistas de Galicia e número 2574, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego) quedan aprazadas por asentimento de todos os grupos por problemas de enfermidade da voceira do G.P. Popular de Galicia.

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 2081 (12/PNC-000263)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego da posta en marcha de estratexias para a mellora da produción marisqueira de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16f2, do 24.04.2024

Aprazada.

2.2 2574 (12/PNC-000332)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 4 máis
Sobre determinadas actuacións que o Goberno galego debe impulsar coa finalidade de mellorar a situación do sector marisqueiro galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 20f2, do 02.05.2024

Aprazada.

2.3 2932 (12/PNC-000370)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

PARLAMENTO DE GALICIA

Sobre determinadas actuacións que debe levar adiante a Xunta de Galicia en relación coa recuperación marisqueira da ría do Burgo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 22f1, do 08.05.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de modificación por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 4310), da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copia do citado documento).*

Deseguido concédelle a palabra ao **señor Abalde Alonso (S)**, quen procede á defensa e formulación desta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a **señora Taibo Corsanego (BNG)**, defende a emenda presentada polo seu grupo que consiste en substituír o punto 2 da parte resolutiva por un novo texto.

Na rolda do grupo parlamentario non emendante intervén o **señor Trenor López (P**), quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, solicita a votación por puntos. Motiva o voto do seu grupo a favor do punto 1 e en contra do punto 2.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida **señor Abalde Alonso (S**), non concorda coa intervención do voceiro do grupo que apoia ao Goberno e sinala que non acepta a votación por puntos. A respecto da emenda sinala que chegou a un acordo co grupo emendante polo que a redacción do punto 2 quedaría do seguinte xeito:

"2. Establecer un plan de axudas e compensacións, da Xunta de Galicia en colaboración co Goberno Central, ás e os mariscadores do Burgo para o período entre que finalizaron as obras de rexeneración e os areais da ría recuperan a súa produción e, por tanto, permita traballar na zona."

A Presidencia procede á votación da proposición non de lei coa nova redacción do punto 2:

2.3 2932 (11/PNC-000370), do **G.P. dos Socialistas de Galicia.** Sometido a votación o texto resolutivo acordado, resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: 6
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia agradece a todos a súa presenza e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12:20 horas.

Patricia García González

Firmado digitalmente por Patricia García González
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Patricia García González, email=patricia.garcia.gonzalez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.06.03 14:21:44 +02'00'

Patricia García González
Presidenta da Comisión

Óscar Insua Lema

Firmado digitalmente por Óscar Insua Lema
Fecha: 2024.06.03 10:37:25 +02'00'

Óscar Insua Lema
Secretario en funcións da Comisión